

Cinco libretas ilustradas con debuxos de García Lorca



Alvarellos Editora lanza cinco modelos de libretas lorquianas con ilustracións orixinais do propio poeta realizadas en Santiago de Compostela en maio de 1932.

FICHA TÉCNICA: 64 pp. Tamaño: 9 x 13 cms. Cosidas con fío vexetal. Papel capa: Masterblank liño 270 gr. Papel interior: Coral Book W. 90 gr. PVP: 3,90 € c/u

SANTIAGO DE COMPOSTELA, OUTONO, 2020.- Alvarellos Editora lanza este outono cinco LIBRETAS LORQUIANAS. Trátase de cinco modelos ilustrados con debuxos que realizou o propio Federico García Lorca en Santiago de Compostela en maio de 1932.

Os orixinais pertencen á Biblioteca do escritor e amigo de Lorca Carlos Martínez-Barbeito (A Coruña, 1913-1997) e permanecen hoxe no Arquivo da Biblioteca Provincial da Deputación da Coruña.

Foron cinco debuxos que Federico García Lorca incluíu como dedicatorias dos seus libros en dous exemplares para Martínez-Barbeito, un de *Canciones* e outro do *Romancero gitano*. Segundo testemuño do propio receptor, o poeta andaluz debuxounas en maio de 1932 no *hall* do Hotel Compostela onde se hospedaba, e utilizando dúas plumas estilográficas prestadas polo seu amigo galego.

Estas cinco ilustracións aparecen publicadas e comentadas -xunto con outras tamén realizadas en Compostela- no libro FEDERICO GARCÍA LORCA EN

SANTIAGO DE COMPOSTELA (Alvarellos Editora, 2020) de Henrique Alvarellos, que saíu á luz en outubro de 2020.

Cada un dos modelos de libreta leva un nome identificativo: PIERROT, BIFACE, NEGRITA, FLOREIRO e CEREIXAS, facendo referencia aos motivos que as ilustran.

García Lorca era tamén un orixinal e inspiradísimo artista plástico. Nos seus debuxos composteláns emprega técnicas superrealistas e liñas delicadas, aparecen elementos florais, rostros bifaces, e sobrevoa nalgúns deles a omnipresente idea da morte e do fracaso que define boa parte da súa obra poética e dramática.

COIDADADA EDICIÓN E PRESENTACIÓN

As novas libretas lorquianas están cosidas a fío, teñen 64 páxinas e unha coidada presentación e edición con cartolina de capa Masterblank liño de 270 gr. e papel interior Coral Book W de 90 gr.

Pódense adquirir a través da web de Alvarellos Editora, www.alvarellos.info, e serviranse baixo pedido ás librarías que as soliciten.

